



# Concello de Muras (Lugo)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 30 DE XUÑO DE 2016.

Concelleiros asistentes:  
D<sup>a</sup>. Belén Chao Ramil  
D. Carlos Carballés Penabad.  
D. Mario Rouco Rey  
D. José Danilo Requeijo Castro  
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as vinte horas do día trinta de xuño de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día. Non asiste a concelleira D<sup>a</sup>. Rosario Celia Rey López.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. Dáse conta da acta da sesión anterior realizada o día 28 de abril de 2016, da cal entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos seis membros asistentes, acorda aproba-la referida acta.

2.- APROBACIÓN LOGOTIPO DO CONCELLO DE MURAS. Dáse conta do proxecto de logotipo do concello de Muras, redactado por Nussbrott S.L., CIF.B 27413277.

O Sr. Alcalde expón os motivos e características do logo para difundira imaxe do concello de Muras acorde cos novos tempos, sen prexuízo de manter o escudo oficial para a actuación institucional.

O voceiro do grupo Popular José Danilo Requeijo Chao manifesta estar de acordo con logo proposto.

O concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey está de acordo co proxecto e considera que hai que adaptarse as novas tecnoloxías e o mesmo tempo manter o escudo oficial.

Despois de estudado o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos seis membros presentes, acorda:

Aprobar o logo do concello de Muras segundo o proxecto presentado.

PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

3.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 25 de abril, ata o 24 de xuño de 2016.

b) Informes Alcaldía.

- Toma a palabra o Sr. Alcalde para informar do desenvolvemento da volta ciclista a Lugo que tivo chegada e saída de Muras, o que representou tamén unha posta el valor do concello de Muras.

- Desenvolvemento da Romaxe da Chaira que se celebrou en Muras, foi o inicio para dar máis contido en anos futuros, poñer en valor o medio rural e a importancia de oficios como carpinteiros, canteiros, etc.

- Realizouse un curso de arqueoloxía pola Universidade de Santiago, hai que cambiar o discurso negativo de Muras ademais de dar valor ao castelo, é bo que ao lado de Muras apareza a Universidade.



# Concello de Muras (Lugo)

- Tamén da conta da celebración dos festexos de San Antonio e de San Pedro, así como da próxima apertura da piscina.

c) O concelleiro delegado de Medio Rural e Medio Ambiente D. Mario Rouco Rey, informa do concurso de obras de Cooperación.

#### 4. ROGOS E PREGUNTAS.

1. Intervención do voceiro do grupo Popular José Danilo Requeijo Castro.

1.1. En que situación quedou o da casa cuna?

Resposta a concelleira delegada Belén Chao Ramil: ten que ser posta en marcha por unha persoa física e cumprir uns requisitos, ninguén fixo esta proposta ao Concello, é incompatible cun PAI, de presentarse solicitude non sería aceptada porque está en trámite o PAI, ademais a tería que ter aberta un mínimo de tres anos e unha substituta.

O Sr. Requeijo Castro fala da subvención de 15.000 euros para a posta en marcha e 19.200 para nóminas.

A Sra. Chao Ramil indica que non é iniciativa do Concello, pode ceder local pero a iniciativa ten que ser particular como autónomo.

1.2. O Sr. Requeijo Castro pregunta polas horas que deron para axuda no fogar.

Resposta a concelleira delegada Belén Chao Ramil: xa están repartidas.

1.3. O Sr. Requeijo Castro pregunta polos 73.000 euros que da a Deputación Provincial despois de aprobarse os orzamentos.

Resposta Alcalde: Son para o Plan de Obras e Servizos

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte horas e trinta minutos, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,

